

**ACTA DA SESIÓN DO TRIBUNAL ENCARGADO DE XULGAR O PROCESO SELECTIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE TRES PRAZAS DE CONDUTOR MOTOBOMBA, PERSOAL LABORAL FIXO, INCLUÍDA NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2022 DO CONCELLO DE BOIRO.**

**CÓDIGO DE PROCEDIMENTO 34/2022**

Acta do tribunal de selección.

Acta n.º 2

**Contestación a alegacións e proposta de nomeamento / contratación**

**Data da sesión:** 09/05/2023

**Hora de inicio:** 13:00 horas

**Hora de finalización:** 15:00 horas

Lugar: Casa do Concello de Boiro

Asistentes:

Dalmiro Núñez Méndez, Secretario do concello de Boqueixón

Lucía Artime Alonso, secretaria do concello de Noia

María Pardo Quintana, viceinterventora do concello de Ames

Manuela Sofía Abelenda Antelo, técnica do concello da Baña

María Victoria Negrín Blanco, funcionaria de Admón. Local do concello de Boqueixón

**EXAME E CONTESTACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS:**

**Alegación Formulada por Ander Pérez Insua**

En data 28.04.2023 Ander Pérez Insua presenta instancia mediante a que remite certificado de servizos prestados emitido pola Mancomunidade de Concellos do Carballiño aos efectos de rectificación da baremación outorgada no proceso selectivo por concurso de oficial de condutor de motobomba por servizos prestados como condutor de motobomba.

Contestación ás alegacións:

De acordo co establecido no punto 6 da base Oitava coa solicitude de participación no proceso selectivo debía presentarse a documentación requirida nas Bases específicas da Convocatoria. Tendo en conta que a acreditación dos méritos esixía a presentación do certificado de servizos prestados e que o certificado se presentou con data posterior á do remate de presentación de instancias o Tribunal acorda REXEITAR a alegación presentada e manter a puntuación do aspirante.

De acordo co anteriormente exposto, o tribunal acorda:

**PRIMEIRO.** Rexeitar as alegacións presentadas por Ander Pérez Insua

**SEGUNDO.** Propoñer a contratación como persoal laboral fixo de:

**Cupo xeral:**

Aspirante	A) experiencia profesional	B) Outros méritos	Total puntos
JOSE ANTONIO DEIRA PIÑEIRO	90	10	100
JOSE MANUEL VIDAL REY	90	10	100

- **Cupo reserva discapacidade** a persoas con outros tipos de discapacidade cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%

Aspirante	A) experiencia profesional	B) Outros méritos	Total puntos
JESUS ANDRES MOLEDO SIEIRA	90	10	100

**TERCEIRO.** Proceder á súa publicación da sede electrónica do concello de Boiro

E sen máis asuntos que tratar dáse por rematado o acto do que se estende esta acta que asinan os asistentes.